



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (3) PEÓNS FORESTAIS, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2023/000054-1 - EXP. 2023/E001/000004)

PROBA PRÁCTICA: RECLAMACÍONS

En Ordes, a 11 de maio de 2023, sendo as doce horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar Ordes, o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (3) PEÓNS FORESTAIS, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2022/000054-1 – EXP. 2023/E001/000004)**, convocada por resolución de alcaldía nº 609/2023, de data 25 de abril de 2023.

Asisten:

- **Presidente:** Juan Luis González Iglesias, Secretario municipal.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Oficial Primeira da Brigada municipal de obras.

Yolanda Cela Villaverde, Axente de emprego e desenvolvemento local.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, funcionaria municipal.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedendo seguidamente a dar conta da reclamación presentada por **María Dolores Martínez Mosquera**, con DNI nº ***969**, con data 10/03/2023, rexistro de entrada nº 1550, que formula as alegacións seguintes:

- A maquinaria/ferramenta aportada para facer a proba práctica non estaba en óptimas condicións. A máquina motoserra tiña o tensor da cadea en mal estado. Non todos os participantes realizaron a proba en condicións de igualdade.
- Os EPIs proporcionados non foron os adecuados, insuficientes e en escasas condicións de limpeza e hixiene.

Analizadas as alegacións da aspirante, o Tribunal considera:

- A maquinaria/ferramenta aportada para facer a proba práctica que lle foi entregada a todos e cada un dos aspirantes estaba en óptimas condicións para a realización de cada unha das probas das que se compoñía a mesma.
- Polo membro do Tribunal, Oficial Primeira da Brigada municipal de obras, unha vez que a aspirante manifestou que tiña rematada a proba de montaxe da motoserra, procedeu el mesmo en presenza desta a unha montaxe da motoserra, mostrando como debería quedar perfectamente esta para o traballo, quedando constancia que esta non presentaba ningunha deficiencia que impedise a correcta execución desta proba no tempo establecido para a súa realización.
- Para a realización da proba de montaxe de motoserra, considerando que non se ía proceder ao seu acendido e seguidamente traballo coa mesma, unicamente se puxo a disposición dos aspirantes os EPIs (lubas, casco con pantalla protectora e protección auditiva), que foron adquiridos para a realización desta proba, sendo utilizados por primeira vez, e que non foron utilizados pola aspirante que foi a primeira persoa en realizar esta proba.
- Para a realización da proba de montaxe de desbrozadora, considerando igualmente que non se ía proceder ao seu acendido e seguidamente traballo coa mesma,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

unicamente se puxo a disposición dos aspirantes os EPIs (protección auditiva e casco con pantalla), que estaban igualmente en perfectas condicións para a súa utilización.

Tendo en conta as respostas do Tribunal as alegacións formuladas, rexéitase a reclamación presentada, confirmando a valoración e cualificación outorgada á proba práctica deste proceso selectivo.

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección de desestimación da reclamación presentada contra a execución e cualificación da Proba práctica poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas e quince minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Presidente,
Juan Luis González Iglesias
(asinado dixitalmente)

A secretaria,
Pilar Rey Rodís.